

Iniciativas innovadoras desenvoltas coa acción titorial na educación superior

M^a Carmen Ricoy Lorenzo

Facultade de Ciencias da Educación. Universidade de Vigo. E-mail: cricoy@uvigo.es

Resumo: Neste traballo faise unha revisión sobre as diversas iniciativas innovadoras desenvoltas coa acción titorial no ensino universitario. No artigo indágase sobre as contribucións que supoñen as distintas experiencias e estudos realizados sobre a temática, afondando nas dinámicas que rodean a acción titorial na educación superior, así mesmo éntrase na achega que supón para o alumnado. Esta contribución axuda a coñecer os diversos contextos analizados, descubrindo evidencias sobre as demandas dos estudiantes e dá conta das prácticas innovadoras que se desenvolven coa acción titorial en múltiples universidades. A revisión abordada é un punto de partida para descubrir o nivel de innovación no que se atopa a acción titorial na universidade española e do estranxeiro.

Palabras chave: Titoría, acción titorial, educación superior, universidade, innovación.

Title: Innovative initiatives developed with tutoring action in higher education.

Abstract: This work carries out a review of various innovative initiatives undertaken by the tutoring action in higher education. Article investigates the contribution that can assume different experiences and studies on the subject, deepening the dynamics around the tutorial action in higher education, coming up this way the contributions that are supposed for the students. This contribution helps to know the different contexts tested, finding evidence of student's demands and tells of innovative practices that were developed with tutoring action on multiple universities. The review raised a point of departure to discover the level of innovation in tutoring action of the Spain University and from abroad.

Key words: Mentoring, tutorship, tutoring action, higher education, university, innovation.

O papel da titoría no contexto do EEES

O Espazo Europeo de Educación Superior (EEES) promove cambios que afectan globalmente á estrutura universitaria: titulacións, contidos curriculares, estratexias de ensino-aprendizaxe, etc. e en particular ao papel do profesorado e do alumnado.

Neste contexto, o EEES suscita un novo enfoque do proceso de ensino-aprendizaxe que enfatiza a aprendizaxe centrada no alumno/a, para o que se fai preciso integrar o apoio da [titorización](#) por parte do profesorado e titores institucionais. Isto, co obxecto de posibilitar e asegurar, en maior medida, a construcción e transferencia de coñecemento que desemboque na adquisición de competencias xenéricas e específicas e nunha formación integral axeitada do estudiante.

No marco dos ECTS, desde o punto de vista institucional, a acción titorial é unha estratexia de ensino que ten como finalidade a orientación e o asesoramento académico, curricular, profesional, etc., así como a de contribuír a organizar o traballo e tempos do alumnado, detectar as súas necesidades e expectativas para axudarlle a superalas ou acadalas. Por outra parte, o profesorado, dende a súa materia, debe asumir a acción titorial coa atención a un ou varios estudiantes coa finalidade de facilitarlle información, asesoramento e orientación analizando un problema, debatendo e/ou afondando nun tema, etc.

Experiencias e investigacións sobre a titoría

De seguido introduzo algunas experiencias de interese desenvoltas en diferentes universidades españolas promovidas, en boa medida, pola incorporación das transformacións que se deben producir na educación superior:

- a. Na Universidade de Valladolid téñense levado acabo experiencias sobre a acción titorial de [tipo colexiado interdepartamentalmente](#) focalizadas cara á axuda académica, persoal e profesional ao alumnado.
- b. Para os estudiantes que non poden acudir á titoría presencial na Universidade de Xaén púxose en marcha unha interesante opción, empregando a [videoconferencia a través do messenger e o correo electrónico](#), co obxecto de promover a comunicación e mellorar o seu rendemento académico.
- c. Entre outras, na Universidade de Alacante, Universidade Politécnica de Valencia, Universidade de Sevilla, Universidade Politécnica de Madrid e na Universidade Complutense de Madrid téñense levado a cabo iniciativas sobre a mentoría. Neste sentido, hai que resaltar o traballo desenvolto pola Universidade de Sevilla co Proxecto *Competencias clave en estudiantes e titulados universitarios* (Plan Nacional I+D+I, 2003), para o [apoyo das prácticas externas das carreiras](#). Este tipo de mentoría ofrece ao estudiante consello práctico, estímulo e apoio e, sobre todo, promove un bo grao de autonomía tanto no alumnado coma nos titulados.
- d. Na Universidade de Vigo puxéronse en marcha diferentes experiencias de titoría coa finalidade de orientación aos traballos en grupo do alumnado; son abordadas de xeito colexiado nuns casos, e noutras, de forma persoal por [algún docente](#) cos grupos de estudiantes (Ricoy, 2007).

Noutros contextos internacionais tamén se teñen desenvolto diferentes alternativas de carácter innovador sobre a acción titorial, a modo ilustrativo recollo algunas delas:

1. Na Universidade de Maastricht (Países Baixos) na Escola de Medicina utilizase a [tutoría grupal](#) coa finalidade de diagnosticar as necesidades que presenta o alumnado. Sobre o desenvolvemento e investigación desta iniciativa conclúese que é preciso incidir nos aspectos motivacionais e que o emprego da acción titorial contribúe de forma satisfactoria a interacción do grupo de alumnado.
2. En Bélxica, a Universidade de Ghent, na Facultade de Pedagogía, levou a cabo unha experiencia [co-titulada](#) nunha materia, cos alumnos de 4º curso apoiando o traballo de diferentes titores con grupos de estudiantes de 1º. A estratexia empregada, vía online, centrouse na discusións sobre a resolución de problemas e casos nunha materia curricular.

3. A Universidade de Sydney (Australia), na súa Escola de Físicas, desde o ano 2002 aborda unha suxestiva experiencia coa acción titorial empregando [dúas modalidades de obradoiros](#) de carácter voluntario, para alumando con dificultades e sen elas. Nestas modalidades participan regularmente os estudiantes de 1º curso desenvolvendo actividades académicas de forma cooperativa, baixo a orientación dun profesor e dun mentor ou dous (estudiantes de posgrao). Como conclusións adiantaron que este tipo de tutorías facilitan a aprendizaxe, máis aló de transmitir únicamente coñecementos.

A modo de conclusión

É de resaltar que tanto a ANECA coma as súas homólogas autonómicas ven a acción titorial coma un recurso destacado, un compoñente fundamental do proceso formativo e un indicativo de calidade.

Na liña referida, as universidades comezan a integrar a acción titorial e o [Plan de Acción Titorial](#) (PAT) como estratexias de asesoramento e orientación para o mellor desenvolvemento académico, persoal e profesional do alumnado. Ademais, enténdese que a acción titorial axuda a potenciar a aprendizaxe autónoma, motivacional, cooperativa, etc. do estudiante, e que así mesmo optimiza a organización do seu traballo e adquisición de hábitos de estudio.

Para saber más...

Cañas, A.; Pantoja, A. e Campoy, T. (2003). Un estudio multidimensional sobre la orientación y la acción tutorial en las diferentes etapas del sistema educativo, [*Revista de Investigación Educativa*](#), 21 (1), 67-91.

Gairín, J.; Freixas, M.; Guillamón, C. e Quinquer, D. (2004). La tutoría académica en el escenario europeo de educación superior. [*Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*](#), 49, 61-77.

Lázaro, A. (2002). La acción tutorial de la función universitaria. En A. Lázaro y V. Álvarez, (Coords.), *Calidad de las universidades y orientación universitaria* (pp. 249-282). Málaga: Aljibe.

Pino, M. e Ricoy, M. C. (2006). La tutoría como recurso en la enseñanza universitaria: estudio de necesidades y contribuciones actuales. [*Bordón*](#), 58 (3), 345-358.

Ricoy, M. C. (2007). A tutoría grupal como recurso e estratexia de innovación no marco da adaptación ao EEES: unha iniciativa para o cambio. En VV.AA., [*Experiencias de innovación educativa na universidade*](#) (pp. 1-9). Vigo: Universidade de Vigo.

Ricoy, M. C. y Pino, M. (2008). Tutorial Action as a Resource to Improve Higher Education. [*Journal Of Hispanic Higher Education*](#), 7 (2), 144-155.